

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 8 DE SETEMBRO DE 2011,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en carpintaría e moble.

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Decreto polo que se regula o réxime de prezos e reservas dos establecementos turísticos de aloxamento e restauración na Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Emerxencias, e a Axencia Galega de Residuos Industriais, S.A. sobre comunicación bilateral, información recíproca e elaboración de protocolos de actuación conxunta en materia de atención de emerxencias e protección cidadá.

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro do orzamento da Comunidade Autónoma para o ano 2012 e se lle dá traslado ao Parlamento de Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia, para a execución e financiamento do enlace entre a variante de Marín e a rede de estradas do Estado, por importe de nove

millóns sesenta e dous mil catrocentos cincuenta e sete mil euros con cincuenta céntimos (9.062.457,50 euros).

- Acordo polo que se autoriza a concesión directa de subvencións financiadas con cargo ao Ministerio de Fomento para os promotores de urbanización de solo destinado á construción maioritaria de vivendas protexidas, por importe de un millón novecientos catorce mil cen euros (1.914.100 €).
- Acordo polo que se lle autoriza á Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA) a validación da segunda prórroga da contratación da compra de enerxía eléctrica para os consumos de servizos auxiliares do complexo ambiental de Cerceda, por un importe total de catro millóns seiscentos setenta e dous mil cento quince euros con vinte e tres céntimos, IVE incluído (4.672.115,23 €, IVE incluído).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados, para a realización dun plan de inspección en materia de seguridade industrial, por importe de catrocentos mil euros (400.000,00 €).
- Acordo polo que se valida o gasto das addendas financeiras ao Convenio de colaboración asinado o 29 de novembro de 2007 entre a Consellería de Innovación e Industria, o Instituto Español de Comercio Exterior e as cámaras oficiais de comercio, industria e navegación de España, para o desenvolvemento do programa Plan de Iniciación á Promoción Exterior (PIPE) e do programa de seguimento PIPE correspondente á anualidade 2011 (para as empresas con data de entrada no programa anterior ao 1 de xaneiro de 2011), por un importe total de cento cincuenta e nove mil seiscentos oito euros (159.608,00 €).

### **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e o Concello de Abegondo, para a segunda fase da ampliación da escola infantil 0-3 municipal, por un importe total de douscentos dous mil euros (202.000,00 €).

### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación de Produtores de Plantas Ornamentais de Galicia (Asproga), para a caracterización, conservación e multiplicación de material vexetal autóctono de camelia, por un importe total de 225.500 €.

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o seguimento global da implantación da HCE IANUS, no primeiro semestre de 2011.

## **EDUCACIÓN ADAPTA O CICLO MEDIO DE FP EN CARPINTARÍA E MOBLE ÁS INNOVACIÓNS NO SECTOR**

- ***Quen curse estas ensinanzas adquirirá as competencias para dar resposta ás necesidades de internacionalización das empresas***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adaptou os currículos do ciclo medio de formación profesional en carpintaría e moble co fin de formar profesionais cualificados para dar resposta ás novas demandas dos sectores produtivos de Galicia, e adaptalos á Lei das cualificacións profesionais e á Lei orgánica de educación (LOE).

Así, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe a este novo currículo, co que se computan un total de 40 adaptados no que vai de lexislatura, no marco da estratexia de impulso da FP como unha porta de acceso ao emprego que está a desenvolver o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad.

### **Novas competencias**

As ensinanzas impartidas neste ciclo dan resposta ás novas necesidades do sector da madeira e o moble, cada vez máis orientadas á internacionalización dos seus produtos. Neste sentido, están a demandar profesionais capaces de traballar cos novos materiais e tecnoloxías, as exixencias normativas en relación á calidade e os protocolos de protección ambiental. Así, o perfil profesional deste título evoluciona cara a un incremento na toma de decisións sobre o control de procesos de produción cada vez máis automatizados, así como na realización de funcións de planificación, mantemento, calidade e prevención de riscos laborais na pequena empresa.

Os titulados neste ciclo poderán desenvolver a súa actividade profesional nas industrias dedicadas á fabricación e á montaxe de moblaxe e elementos de carpintaría, e na aplicación de produtos de acabado, e postos de traballo como operador de máquinas fixas para fabricar produtos de madeira, de prensas, operador armador en banco, montador ensamblador de elementos de carpintaría, vernizador lacador ou responsable de sección de acabamentos.

### **Formación en centros de traballo**

O devandito currículo, ao igual que os resto dos adaptados pola Consellería de Educación, inclúe un módulo de formación en centros de traballo co cal os estudantes completarán a formación adquirida no centro educativo mediante a realización de prácticas en situacións reais de traballo no ámbito produtivo da empresa, de acordo coas exixencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Deste xeito foméntase o acceso do alumnado ao mundo laboral, tal e como demostran os altos niveis de empregabilidade destas ensinanzas. De feito, segundo os últimos estudos ao respecto, o 88,8% dos titulados que realizaron formación en centros de

traballo atopou o seu primeiro emprego en menos de 6 meses, o que confirma a FP como un sistema de oportunidades nestes tempos de crise económica.

Ademais, e co fin de favorecer a mobilidade entre estudos, neste currículo establécese a correspondencia dos módulos profesionais coas unidades de competencia para a súa acreditación, validación ou exención, así como os accesos a outros estudos, as validacións, exencións e equivalencias.

## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE REGULA O RÉXIME DE PREZOS E RESERVAS DOS ESTABLECEMENTOS TURÍSTICOS DE ALOXAMENTO E RESTAURACIÓN DE GALICIA**

- ***A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, elevou ao Consello da Xunta para a súa aprobación o decreto que refunde regulamentacións dispersas e actualiza e flexibiliza certos aspectos do réxime vixente de prezos***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regula o réxime de prezos e reservas dos establecementos turísticos de aloxamento e restauración na Comunidade Autónoma de Galicia redactado pola Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo. O decreto validado esta mañá, por unha banda, refunde regulamentacións dispersas e, por outra, actualiza e flexibiliza certos aspectos do réxime vixente de prezos, como os referentes á súa globalidade, de xeito que inclúan o imposto sobre o valor engadido e o establecemento dun réxime común de anticipos e reservas.

O decreto aprobado, que foi consultado co sector, ten por obxecto regulamentar o réxime de prezos dos establecementos turísticos de aloxamento e restauración no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, no referente ao seu carácter, publicidade e facturación, así como das reservas, cesións e anulación de servizos turísticos, sen prexuízo do que estableza a normativa sobre defensa dos consumidores e usuarios. O decreto será aplicable aos establecementos turísticos de aloxamento e restauración definidos como tales na Lei de turismo de Galicia.

Respecto aos prezos de todos os establecementos de aloxamento e restauración regulamentados, o decreto establece que teñen carácter de libres, polo que poderán fixarse e modificarse en calquera momento. Os prezos serán considerados como globais, comprendendo o importe do servizo, o custo do persoal e todos os impostos. As empresas e os empresarios turísticos exhibirán os prezos dos servizos ofertados nun lugar visible e de modo lexible, con indicación clara da inclusión do imposto sobre o valor engadido. A relación dos servizos e prezos deberá constar por escrito, deberá conter o anuncio público da súa aplicación ou vixencia e non se poderán cobrar prezos diferentes aos publicitados. Nos establecementos de aloxamento entenderase que a hospedaxe comprende o uso e gozo pacífico da unidade de aloxamento e servizos complementarios dela ou comúns a todo o establecemento.

Tocante aos prezos en establecementos de aloxamento, no documento que se lle entregue ao usuario turístico no momento da admisión no establecemento constará, ademais do nome e clasificación do establecemento, a identificación do aloxamento co seu prezo, o prezo do resto dos servizos que solicite así como as datas de entrada e saída. O prezo da unidade de aloxamento contarase por días ou xornadas, iniciándose

unha xornada ás 15 horas do primeiro día do período contratado e finalizando ás 12 horas do día sinalado como data de saída.

Por outra banda, no caso dos prezos en establecementos de restauración, na publicidade de comidas, bebidas e demais servizos que faciliten os establecementos incluírase a dos diferentes menús ou bufés, coa composición xenérica e prezos correspondentes. As listas de prezos deberán figurar tanto no exterior como no interior do establecemento. No caso de existir diferenzas de prezos en función do espazo físico do establecemento onde se consuma o servizo solicitado, deberá reflectirse esta circunstancia na publicidade dos prezos.

### **Réxime de reservas, anticipos e anulacións**

Segundo o decreto aprobado hoxe, o réxime de reservas e anulacións en establecementos de aloxamento axustarase ás condicións que pacten libremente a empresa titular do establecemento de aloxamento e o titular da reserva. As peticións de reserva non contestadas no prazo máximo de tres días, entenderanse non aceptadas. En todo caso o empresario deberá formalizar a reserva documentalmente remitindo ao solicitante un documento de reserva. O beneficiario dunha reserva formalizada cun aloxamento turístico poderá cedela gratuitamente a outra persoa, sempre que a cesión sexa comunicada cunha antelación mínima de 24 horas á data prevista para a ocupación da unidade de aloxamento. Os empresarios turísticos poderán exixir que os titulares da reserva anticipen, en concepto de sinal, unha porcentaxe do prezo total da reserva.

Nos casos en que o titular da reserva proceda á anulación desta, o titular do aloxamento deberá reintegrarlle o importe recibido en concepto de sinal, no prazo máximo de 30 días, e poderá reter en concepto de indemnización a porcentaxe pactada no documento de reserva. Se o titular da reserva ou o usuario en cuxo beneficio se cedeu non se presenta o primeiro día de aloxamento, o empresario turístico quedará exento da súa obriga de reserva a partir das 18 horas da primeira xornada de estadía. Non obstante, se se tivese aboado o anticipo correspondente e mediase aviso do titular da reserva ou do cesionario, o empresario estará obrigado a manter a reserva durante a primeira xornada. Cando excepcionalmente o empresario se vexa obrigado á cancelación dunha reserva deberá reintegrarlle ao titular da reserva o importe total do anticipo máis unha penalización equivalente á prevista para o titular da reserva no documento de reserva.

O titular da reserva ou o usuario turístico que teña formalizada unha reserva non suxeita a anticipo poderá desistir dos servizos contratados sen ningunha penalización. Cando exista reserva formalizada con anticipo e o usuario abandone o aloxamento antes da data pactada, o empresario terá dereito a cobrar do usuario unha penalización.

Ao igual que no caso dos establecementos de aloxamento, o réxime de reservas e anulacións en establecementos de restauración axustarase ás condicións que pacten libremente a empresa titular do establecemento de restauración e o titular da reserva. Do mesmo xeito, o empresario deberá formalizar a reserva documentalmente remitindo

ao solicitante un documento de reserva. Así tamén, o beneficiario dunha reserva formalizada cun aloxamento turístico poderá cedela gratuitamente a outra persoa, sempre que a cesión sexa comunicada antes do inicio do evento.

Os empresarios turísticos de restauración poderán exixir aos titulares que formalicen unha reserva de máis de 20 comensais ou que soliciten ocupar máis do 40% da súa capacidade turística, un anticipo en concepto de sinal. Nos casos en que o titular da reserva proceda á anulación desta, o titular do aloxamento deberá reintegrarlle o importe recibido en concepto de sinal e poderá reter en concepto de indemnización a porcentaxe pactada no documento de reserva.

No mesmo momento en que se produza unha anulación formal da reserva por parte do titular desta, o empresario turístico quedará exento da súa obriga de reserva. Tamén se entenderá anulada a reserva cando os comensais non se presenten na data fixada. Cando excepcionalmente o empresario se vexa obrigado á cancelación dunha reserva, deberá reintegrarlle ao titular da reserva o importe total do anticipo máis unha penalización equivalente á prevista para o titular da reserva no documento de reserva.



## **A AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS E SOGARISA COLABORARÁN PARA OPTIMIZAR A RESPOSTA ANTE EMERXENCIAS AMBIENTAIS**

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo entre a Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e a Sociedade Galega de Residuos Industriais, S.A. para optimizar os procedementos, tempos e recursos en urxencias e emerxencias ambientais en que poidan estar implicados residuos, produtos químicos ou substancias susceptibles de orixinar afeccións ambientais na Comunidade Autónoma galega.

A finalidade deste convenio é axilizar e priorizar o intercambio de información entre o Centro de Emerxencias 112, dependente da Axega, e o Servizo de Atención de Incidencias de Sogarisa, de forma recíproca.

A Axega vaill comunicar a Sogarisa todos os accidentes ou incidentes en que estean implicados residuos e produtos químicos que se producisen no territorio galego, así como os requirimentos de asistencia que cursen ás administracións competentes. Pola súa parte, Sogarisa porá en coñecemento do CAE 112 Galicia, coa máxima prioridade posible, os impactos ambientais e os accidentes en que estean implicados produtos químicos ou os seus residuos, e que requiran servizos externos de atención sanitaria, seguridade cidadá, protección civil, extinción de incendios e salvamento, e todos aqueles en que interveñan estas materias perigosas e poidan ter unha repercusión pública relevante.

No suposto de emerxencias que pola súa especial extensión ou intensidade sexan particularmente graves, Sogarisa porá os medios humanos e materiais necesarios, que seguirán baixo a súa propia dirección, para resolver as incidencias que se produzan dentro do seu campo de actuación, e comunicará ao CAE 112 as ditas actuacións. Sogarisa, así mesmo, poderá formar parte do operativo que se constitúa para facer fronte a este tipo de emerxencias.

Constituirase unha comisión de seguimento, composta por dous representantes de Sogarisa e dous representantes da Axencia Galega de Emerxencias, e que terá como función principal servir coma canle para facilitar contactos e acordos entre a Axega e Sogarisa en materia de prestación de servizos de atención de urxencias e emerxencias do teléfono 112 que sexan necesarios, e para promover accións encamiñadas á mellora das condicións de seguridade en que se desenvolve a resolución de emerxencias ambientais, así como a produción, distribución, transporte e tratamento de residuos industriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

## **A XUNTA ESTABILIZARÁ O GASTO NON FINANCEIRO EN 2012, CUNHA SUBA DO 0,2%, GRAZAS ÁS MEDIDAS IMPLANTADAS NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS**

- ***Galicia é a primeira autonomía que aproba un teito de gasto, que remitirá agora ao Parlamento***
- ***A Xunta prevé un crecemento do PIB para o vindeiro ano do 1,5%***
- ***O Executivo galego proporciona transparencia e garante un gasto máximo, polo que se hai novos ingresos servirían para reducir déficit***
- ***Desde que comezou a lexislatura en 2009 diminuíu o gasto en máis dun 15%***
- ***A Administración autonómica seguirá contendo o gasto corrente para preservar as partidas sociais e os investimentos***
- ***O Goberno galego manterá o vindeiro ano unhas contas no nivel do ano 2006***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o teito de gasto non financeiro para 2012, que se situará nos 9.172 millóns de euros, un 0,2% superior ao inicial do presente exercicio. A Administración autonómica poderá estabilizar o gasto o vindeiro ano grazas ás medidas de austeridade e contención levadas a cabo polo Goberno galego desde o inicio da presente lexislatura.

Desta maneira, Galicia convértese na primeira autonomía en aprobar un teito de gasto, que será remitido agora ao Parlamento para a súa aprobación na Cámara autonómica no pleno da vindeira semana. Ademais, o Executivo galego proporciona transparencia ao proceso orzamentario para a elaboración das contas e garante un teito de gasto máximo, polo que de haber maiores ingresos dos previstos, estes destinaríanse a reducir déficit.

A conselleira de Facenda, Marta Fernández Currás, explicou que o seu departamento tomou como referencia as entregas á conta que tivo no ano 2011 e os ingresos procedentes do sistema de financiamento, posto que os actuais orzamentos xerais do Estado serán prorrogados á espera da constitución do novo Goberno tras as eleccións do mes de novembro.

Fernández Currás explicou que, de cara á elaboración das contas para 2012, a Xunta de Galicia continuará contendo o gasto corrente para poder preservar as partidas sociais e estabilizar os investimentos como un instrumento máis para encarar a saída da crise económica. A previsión de crecemento do PIB para o vindeiro ano fíxase no 1,5%.

A titular de Facenda cifrou en 8.511 millóns de euros os ingresos non financeiros, que serán complementados co 1,3% de déficit autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) para o vindeiro ano. Con este teito de gasto a Administración autonómica manterá en 2012 unhas contas no nivel das do ano 2006.

O Goberno galego leva recortado o seu orzamento máis dun 15% desde o ano 2009, un esforzo que se centrou fundamentalmente na redución do gastos correntes e na reprogramación do gasto de capital. Para o ano que vén esta política de austeridade e contención levada a cabo ao longo de dous anos e medios permitirá estabilizar os investimentos a financiar con cargo aos orzamentos.

## **MEDIO AMBIENTE E FOMENTO ASINARÁN O CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A EXECUCIÓN DO ENLACE DA VARIANTE DE MARÍN, ENTRE O REGUEIRIÑO E A PO-11, POR MÁIS DE 9 MILLÓNS DE EUROS**

- ***O convenio estipula que a achega para o remate do enlace será ao 50%, entre a Administración Central e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas***
- ***A porcentaxe de execución desta obra elévase preto do 60%, posto que xa está definida a Variante e, en execución, o enlace coa PO-11, o paso sobre ADIF e o paso sobre a PO-546***
- ***O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, anunciou na súa visita o pasado 24 de agosto ao Concello de Marín que a Variante estará rematada na súa totalidade no verán do 2012***


O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Ministerio de Fomento para a execución do enlace da variante de Marín (PO-546) coa estrada PO-11, o que dará acceso á conexión co porto de Marín, e coa estrada PO-12, que conectará coa entrada oeste de Pontevedra. O investimento estipulado para o remate destas obras é de 9.062.457,50 euros, dos que a Consellería aporta 4.531.228,78, ademais da financiamento das expropiacións e os custes das labores de vixilancia do proxecto.

Actualmente están en execución, cun investimento de 37,7 millóns de euros, as obras entre O Regueiriño e a PO-11, treito de 4,3 quilómetros, no que se inclúe o enlace da variante. Este proxecto ten a súa orixe no enlace da PO-12, Autovía de Marín, e o ramal do enlace Pontevedra Sur da AP-9, estrada PO-11. O enlace será de tipo diamante, cunha glorieta e ramais unidireccionais proxectados, case na súa totalidade, en terras con muros verdes.

### **Variante de Marín**

A lonxitude da variante de Marín é de 4,2 quilómetros, cunha rampla máxima de 6,50 % con dous pasos superiores e catro inferiores. Na sección transversal cóntase cun tronco de 12 metros, que inclúe dúas calzadas de 3,5 m e dúas beiravías 2,5 metros. Así mesmo, ten un tronco con carril adicional para lentos de 15,5 metros, con tres carrís de 3,5 e dúas beiravías de 2,5 m.

A glorieta sobre a estrada PO-12 terá 11 metros con dos calzadas de 3,5 metros; dúas barreiras de 0,5 metros e dúas beiravías dun metro cada unha. Para levar a cabo o enlace é preciso facer un desmonte de 87.027 m<sup>3</sup>; e un terraplén de 114.872 metros cúbicos.



Así mesmo, empregarase lastro artificial, mestura bituminosa en quente e estabilizarse o solo in situ con cemento. En relación á variante, o desmorte é de 790.259 m<sup>3</sup> cun terraplén de 616.419 metros cúbicos; estabilizarse o solo in situ con cemento, e empregarase 24.677 m<sup>3</sup> de lastro artificial e incluírá os viadutos da Igrexa, de Almunia e oda PO-546; a máis de 2 pasos superiores e 4 inferiores.

Neste momento, a obra está certificada ao 60% por cento, posto que se atopa executada a variante e, en execución, o enlace coa PO-11, o paso sobre ADIF e o paso sobre a PO-546.

O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Agustín Hernández, anunciou o pasado 24 de agosto nunha visita a Marín que o remate da totalidade da variante de Marín será no verán de 2012. Os beneficiarios deste proxecto serán os máis de 120.000 habitantes dos concellos de Pontevedra, Marín e Bueu.

### Condicións do Convenio

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, terá a obriga de presentar os xustificantes das obras executadas. No

caso de que non sexa posible cumprir o ritmo de execución das obras será necesario reaxustar as anualidades a través da Comisión de Seguimento.

Esta Comisión estará conformada por dous representantes da Xunta de Galicia: o subdirector xeral de Estradas e o subdirector xeral de Planificación e Programación; e dous representantes do Ministerio de Fomento: o xefe de Demarcación de Estradas do Estado en Galicia e o xefe da Unidade de Estradas de Pontevedra. No marco deste organismo, ademais de ser posible a proposta de reaxustes nas anualidades, poderase analizar as posibles modificacións do esquema previsto para o enlace que poidan xurdir durante a execución das obras. Estas modificacións serán realizadas a condición dun informe favorable da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento.

**O CONSELLO AUTORIZA SUBVENCIONS POR IMPORTE DE 1,9 MILLONS DE EUROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SOLO RESIDENCIAL, O QUE PERMITIRÁ CONSTRUIR 872 VIVENDAS EN SANTIAGO, BRIÓN E OURENSE**

- *A construción destas vivendas suporá un investimento de preto de 14 millóns de euros*
- *Desenvolveranse as áreas de actuación de Lamas de Abade e A Muíña en Santiago, lugar de Lamiño en Brión e Barrocás en Ourense*
- *Trátase das últimas axudas que se conceden para urbanización de solo destinado á construción de vivendas protexidas de promoción privada, unha vez que o Ministerio de Fomento eliminou, desde comezos de 2011, estas axudas do Plan de Vivenda e Rehabilitación*
- *As achegas autorizadas foron acordadas nunha reunión bilateral Xunta-Ministerio antes da eliminación das ditas axudas*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión de hoxe a concesión de catro subvencións a promotores de áreas de urbanización prioritarias de solo residencial destinado á construción de vivendas protexidas de promoción privada, ao abeiro do Plan de Vivenda 2009-2012. O importe total das subvencións autorizadas polo Consello da Xunta acada os 1.914.100 de euros, que permiten o desenvolvemento de solo residencial para un total de 872 vivendas protexidas nos concellos de Brión e Santiago de Compostela, na provincia da Coruña, e na cidade de Ourense, e que permitirán un investimento total dos promotores de 14 millóns de euros.

No caso de Santiago de Compostela, apróbanse dúas subvencións dirixidas á urbanización de dous solos residenciais por parte da empresa municipal Emuvisa. Trátase do SUNP 12 (Lamas de Abade) e do SUNP 5 (A Muíña), con 253 e 403 vivendas protexidas, respectivamente.

Concello	Actuación	N.º de vivendas	Importe da subvención
Santiago de Compostela	SUNP 12 Lamas de Abade	253	497.825 euros
	SUNP 5 A Muíña	403	788.075 euros

Polo que respecta ao concello de Brión, subvenciónase o desenvolvemento dun solo destinado á construción de 144 vivendas protexidas de promoción privada, que serán destinadas ao réxime de aluguer.

Concello	Actuación	N.º de vivendas	Importe da subvención
Brión	UA- 9 Lugar de Lamiño	144	489.600 euros

Finalmente, apróbase a subvencións correspondente á urbanización dun solo no concello de Ourense, destinado á construción de 72 vivendas protexidas de promoción privada.

Concello	Actuación	N.º de vivendas	Importe da subvención
Ourense	Área de urbanización prioritaria de solo AR-20 E. Barrocás	72	138.600 euros

Estas son as últimas subvencións que se conceden para urbanización de solo destinado á construción de vivendas protexidas de promoción privada, unha vez que o Ministerio de Fomento eliminou, desde comezos de 2011, estas axudas do Plan de Vivenda e Rehabilitación. As catro axudas autorizadas foron acordadas nunha reunión bilateral Xunta-Ministerio antes da eliminación das ditas axudas.



## **O CONSELLO DA XUNTA VALIDA A SEGUNDA PRÓRROGA DO CONTRATO DE COMPRA DE ENERXÍA ELÉCTRICA PARA OS CONSUMOS AUXILIARES DO COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL DE SOGAMA EN CERCEDA**

- *O expediente orixinario de contratación, aprobado en decembro de 2008, prevía prórrogas voluntarias dun ano e ata un máximo de tres. A primeira foi validada en xullo de 2010*
- *O importe desta segunda prórroga ascende a 4.672.115 euros e distribúese en dous períodos: de xuño a decembro do ano en curso, con 2.986.089 euros; e de xaneiro a maio de 2012, con 1.686.025 euros*
- *Coa entrada en vigor do Real decreto 661/2007, Sogama apostou por vender integramente a enerxía eléctrica producida na súa planta de coxeración co fin de obter unha rendibilidade económica*

O Consello da Xunta valida, por un importe de 4.672.115 euros, a segunda prórroga do contrato relativo á compra de enerxía eléctrica para os consumos de servizos auxiliares do Complexo Medioambiental de Sogama en Cerceda, infraestrutura central desta entidade pública en Galicia onde se procesa a maior parte dos residuos urbanos xerados na Comunidade.

O expediente orixinario de contratación, enmarcado nun concurso público en que resultou adxudicataria Unión Fenosa Comercial, S.L., única firma que presentou a súa candidatura, foi autorizado en decembro de 2008 e prevía prórrogas por períodos dun ano e ata un máximo de tres. A primeira aprobouse en xullo de 2010.

A contía da actual prórroga distribúese en dous exercicios, aglutinando o período comprendido entre xuño e decembro de 2011, ao cal corresponderían 2.986.089 euros, e o comprendido entre xaneiro e maio de 2012, no cal se desembolsarían 1.686.025 euros.

### **Maior rendibilidade económica**

O complexo de Cerceda conta cunha planta de coxeración cuxa principal función é producir calor para o secado parcial da fracción de residuos non reciclables, o que permite acondicionar o combustible derivado de residuos (CDR) que logo é recuperado na planta termoeléctrica en forma de electricidade. Pero, ademais, a través da coxeración prodúcese enerxía que, aínda que era destinada inicialmente aos autoconsumos do recinto, co cambio lexislativo que supuxo a entrada en vigor do Real decreto 661/2007, do 25 de maio, recollido no Plan de Enerxías Renovables (PER) e na Estratexia de Aforro e Eficiencia de España, e mediante o cal se priman as enerxías renovables e a coxeración, a Sociedade apostou por vendela integramente co fin de obter un beneficio económico.

O esquema retributivo viuse así modificado, desligándoo da tarifa media ou de referencia utilizada ata ese momento, procedendo Sogama á venda de enerxía producida

a través da coxeración ao prezo resultante do mercado eléctrico máis a correspondente prima de referencia para este tipo de instalacións, catalogadas en réxime especial.

Desta forma, a contía que se pagará pola compra de enerxía sempre será inferior á percibida pola súa venda mediante este sistema, o que permite que a entidade obteña unha evidente compensación económica.

Tendo en conta que o Complexo Medioambiental está operativo as 24 horas do día durante todo o ano, manténdose en réxime constante de funcionamento, excepto no mes de parada técnica (programada para labores de mantemento e reparacións, que habitualmente se fai coincidir en maio), a Sociedade Galega do Medio Ambiente realiza as correspondentes programacións de enerxía horaria para cada día.

## **A XUNTA ACTIVA UN PLAN PIONEIRO DE SEGURIDADE INDUSTRIAL A PROL DE EMPRESAS MÁIS SEGURAS, COMPETITIVAS E RESPECTUOSAS CO AMBIENTE**

- ***O Consello da Xunta aprobou un convenio para o desenvolvemento dun plan que reforza o control baseado na prevención e na formación***
- ***Esta iniciativa enmárcase nunha actuación integral de dinamización industrial***
- ***A Xunta axiliza a prestación de servizos coa eliminación de trámites á vez que reforza a inspección da seguridade***
- ***Iniciaranse 800 inspeccións en instalacións e industrias de 15 actividades distintas***

A Xunta apoia a posta en marcha dun plan pioneiro de inspección en seguridade industrial co obxectivo de impulsar a mellora da seguridade, da competitividade e da sustentabilidade ambiental das empresas galegas. O Consello da Xunta autorizou a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación Galega de Organismos de Control Autorizados, ao abeiro do cal a Xunta desenvolverá un plan de inspección en materia de seguridade industrial baseado na prevención e na formación.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria continúa avanzando na estratexia integral de apoio á dinamización industrial na Comunidade. A Xunta, ao abeiro da normativa europea, axiliza a prestación de servizos coa eliminación de trámites, á vez que reforza a inspección da seguridade nas empresas galegas.

Este plan de inspección ten unha orientación preventiva xa que o cumprimento das obrigas de carácter administrativo dos regulamentos de seguridade industrial redonda nunha maior seguridade de uso dos equipamentos e instalacións polos seus usuarios e do ambiente.

Para levar a cabo este labor de reforzamento do control, a Consellería de Economía e Industria inicia 800 inspeccións en instalacións e industrias de 15 actividades distintas: adegas, auxiliares de automóbiles, talleres mecánicos, tratamentos químicos, serradoiros/transformación de madeira, graniteiros, pirotecnia, caldeirarías e metal mecánico, carpintaría de aluminio, centros de saúde e clínicas, hoteis, colexios, gardarías, conserveiras e plantas de acuicultura.

Na actual conxuntura económica, o Goberno galego considera fundamental a posta en marcha deste pioneiro plan de inspección en materia de seguridade industrial realizado en Galicia, co obxectivo de reforzar a competitividade nos sectores da actividade económica, mellorar a calidade e seguridade industrial.

## **A XUNTA IMPULSA A INTERNACIONALIZACIÓN DO COMERCIO GALEGO PARA DIMAMIZAR A SÚA ACTIVIDADE**

- ***O Consello da Xunta validou as addendas do Plan de Iniciación á Promoción Exterior que desenvolve a Consellería de Economía e Industria coas demais comunidades autónomas e as cámaras de comercio, para a consolidación das empresas galegas no mercado internacional***
- ***O obxectivo da Xunta é conseguir que as empresas se consoliden como exportadoras estables a través do traballo continuado e a implantación dos seus produtos e marcas nos mercados exteriores***
- ***Este convenio desenvolve 33 programas de seguimento a pemes***
- ***A Consellería de Economía e Industria impulsa un incremento do número de empresas galegas exportadoras regulares e estables, xerando riqueza e emprego***

A Xunta continúa na súa estratexia integral a prol da internacionalización da economía e das empresas galegas, na cal o comercio ocupa un lugar prioritario. O Consello da Xunta validou as addendas do Plan de Iniciación á Promoción Exterior que desenvolve a Consellería de Economía e Industria coas demais comunidades autónomas e coas cámaras de comercio, para o impulso, desenvolvemento e consolidación das empresas galegas no mercado internacional.

Ao abeiro deste programa e mais de todas as iniciativas da Xunta a prol da internacionalización, o Goberno galego traballa co obxectivo de aumentar o nivel de competitividade das empresas galegas e reforzar a súa presenza no mercado internacional, mediante unha maior proxección. Neste sentido, o desenvolvemento deste plan está a permitir o desenvolvemento de 33 programas de seguimento PIPE de pemes galegas.

O obxectivo da Xunta é conseguir que as empresas se consoliden como exportadoras estables a través do traballo continuado e a implantación dos seus produtos e marcas nos mercados exteriores, o que suporá un maior nivel de competitividade e o fomento das exportacións galegas xerando riqueza e emprego na sociedade galega.

O programa de seguimento ofrece un apoio integral á empresa do seu proceso de decisión de internacionalizarse, introducindo ferramentas para adoptar unha axeitada cultura exportadora en todo o procedemento de internacionalización. Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria impulsa un incremento do número de empresas galegas exportadoras regulares e estables.

O incremento das exportacións, o aumento dos investimentos ao exterior e o traballo de internacionalización segundo as necesidades do tipo de mercado e uso eficiente dos recursos son cuestións fundamentais que a Xunta de Galicia está a impulsar desde a estratexia de apoio á internacionalización orientada a que as empresas galegas sigan crescendo e amplíen os seus mercados.

## **A XUNTA FINANCIA CON 202.000 EUROS A AMPLIACIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE ABEGONDO**

- ***A Consellería de Traballo e Benestar xa fixera no pasado exercicio unha achega de 233.000 euros para a primeira fase destas obras***

A Consellería de Traballo e Benestar financiará con 202.000 euros a segunda fase das obras de ampliación da escola infantil municipal de Abegondo.

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo que permitirá a sinatura dun convenio entre a devandita Consellería e o Concello de Abegondo para a realización desta achega.

Este convenio suporá o financiamento da segunda fase destas obras, despois de que a Xunta de Galicia xa achegara o pasado ano 233.000 euros para acometer a primeira fase das obras. A achega total acadará, polo tanto, os 435.000 euros.

A segunda fase das obras da escola infantil abrangue o remate das obras de rehabilitación do edificio para a dita ampliación, consistentes no acondicionamento exterior da parcela, a execución dun soportal para a unión de dous edificios, a dotación de mobiliario e equipamento e acometida eléctrica a cadro eléctrico da edificación en trifásico.

A escola infantil de Abegondo tiña ata o curso 2010/2011 un total de 29 prazas. Coa primeira fase de ampliación habilitáronse 17 novas prazas, de xeito que este curso acadou as 46 prazas. Finalmente, con esta segunda fase das obras e unha vez rematadas, haberá 15 prazas máis, ata chegar á capacidade total de 61 prazas para nenos e nenas de 0 a 3 anos.

A posta en marcha de novas prazas en escolas infantís 0-3 é unha das actuacións preferentes no Plan de Actuación Social 2010-2013, que establece un incremento de 4.500 prazas en toda esta lexislatura. No que respecta á Rede de Escolas Infantís A Galiña Azul, nos últimos dous anos viu incrementada a súa oferta en preto dun 39 por cento coa creación de 2.100 novas prazas.

## **A XUNTA E A ASOCIACIÓN DE PRODUTORES DE PLANTAS ORNAMENTAIS COLABORARÁN NA CONSERVACIÓN DA FLORA AUTÓCTONA**

- ***O acordo será asinado pola Consellería do Medio Rural e a Asociación de Produtores de Plantas Ornamentais de Galicia e busca o incentivo dos recursos xenéticos sobre o territorio***
- ***O orzamento total destinado para a actuación supera os 222.000 euros e conta co financiamento dos fondos Feader da Unión Europea***

O Consello da Xunta aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Asociación de Produtores de Plantas Ornamentais de Galicia (Asproga) para o incentivo do desenvolvemento dos recursos xenéticos sobre o territorio. O obxectivo deste convenio baséase na caracterización, conservación e multiplicación de material vexetal autóctono que está espallado pola xeografía galega, cunha actuación destacada para o material vexetal de camelia. O custo das actuacións superará os 222.000 euros, dos cales máis de 165.000 serán achegados pola Consellería do Medio Rural, con financiamento dos Fondos Feader da Unión Europea e unha vixencia de catro anos.

A Consellería do Medio Rural entende necesario incentivar a actividade de conservación, caracterización e reprodución de material vexetal, tanto de carácter agroalimentario como ornamental, en risco de desaparición e cun importante potencial produtivo, a curto e longo prazo. Para acadar os seus obxectivos, o departamento que dirixe Samuel Juárez coordinará e supervisará os estudos de caracterización e clasificación dos ecotipos de especies (poboacións xeneticamente diferenciadas restrinxidas a un hábitat específico), informará dos estados dos ecotipos e avaliará a súa facilidade de reprodución e os estudos de fertilización e de substratos. Ao mesmo tempo, Medio Rural achegará persoal técnico para supervisar as actuacións do convenio das cales se responsabiliza Asproga, así como dunha parte do persoal e das instalacións do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude (CFEA) en Boqueixón (A Coruña) para a localización do estudo dos ecotipos correspondente á zona do Ulla.

### **Conservación da flora ornamental**

A Consellería do Medio Rural axudará á protección e á conservación dun patrimonio xenético que en moitos casos está en coleccións privadas e en risco de erosión xenética, de desaparición de xenotipos orixinais e de empobrecemento global da súa diversidade. Ademais, como resultado do convenio, achegaráselles aos produtores de plantas ornamentais de Galicia un material vexetal con importante potencial de produción.

Realizarase un estudo para caracterizar e clasificar os ecotipos de camelia, que incluírá unha prospección por viveiristas e coleccionistas de camelia de Galicia. Tomarase nota da forma do crecemento natural de cada un dos ecotipos, as súas características de cor, tamaño, forma e a súa capacidade de floración. Neste estudo avaliaranse anualmente un mínimo de 10 ecotipos diferentes de camelia de orixe galega por cada grupo produtivo e

25 plantas de cada ecotipo en cada un dos cinco lugares previstos: Cerdido (A Coruña), Abadín (Lugo); Sarreaus (Ourense); Tomiño (Pontevedra) e o Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Sergude en Boqueixón (A Coruña), o que suporá o seguimento de 1.000 plantas por ano en cada localización.

### **Sector ornamental galego**

O Rexistro de Produtores da Consellería do Medio Rural conta con 198 produtores de planta ornamental inscritos. Segundo estudos, estímase que o sector da produción de planta ornamental en Galicia está formado por 75 viveiros en funcionamento, xera en Galicia 541 empregos directos e 480 indirectos a xornada completa, dos cales o 85% é man de obra feminina do rural, e factura anualmente 47,2 millóns de euros.

### **Asproga**

Esta asociación, sen ánimo de lucro, conta na actualidade con 36 produtores asociados, repartidos polas catro provincias, e dúas comercializadoras de planta ornamental. Ata a data, trátase da única asociación profesional de produtores de planta ornamental a nivel autonómico recoñecida pola Administración. Nela están incluídos os viveiros con maior superficie e as maiores producións, que achegan máis do 85% da produción total que, hoxe en día, supón aproximadamente unhas 600 hectáreas cultivadas.

## **O 99,9% DA POBOACIÓN GALEGA BENEFÍCIASE XA DA HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA**

- ***455 centros de atención primaria dispoñen de acceso á historia clínica electrónica e á e-receita***
- ***A estes hai que sumar todos os centros hospitalarios da rede pública do Sergas e sete hospitais concertados da Comunidade Autónoma, que tamén están integrados no sistema IANUS***

Na actualidade, 455 centros de atención primaria en Galicia (o 99% do total), que cobren o 99,9% da poboación, dispoñen de acceso á historia clínica electrónica e á receita electrónica. A estes hai que sumar todos os centros hospitalarios da rede pública do Servizo Galego de Saúde e sete hospitais concertados da Comunidade Autónoma, que tamén están integrados no sistema de historia clínica electrónica IANUS.

As actuacións que o Servizo Galego de Saúde está a levar a cabo nos eidos da historia clínica electrónica, imaxe dixital, e-receita e tarxeta sanitaria –que se completarán a finais deste ano coa integración tecnolóxica de Galicia no SNS- sitúan Galicia á cabeza do cumprimento do Real decreto-lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema Nacional de Saúde, de contribución á consolidación fiscal e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011.

Así, cada mes o número de accesos aos historiais clínicos electrónicos supera os 2.300.000, o que supón un aumento do 30% de utilización respecto a 2010 e un incremento do 100% respecto a 2009.

Ademais, o número de anotacións realizadas polos profesionais da atención primaria nas historias clínicas electrónicas dos seus pacientes supera os 1,5 millóns mensuais, o que supón un aumento do 60% no último ano e do 500% respecto a 2009.

Pola súa banda, no eido da atención especializada a porcentaxe de elaboración de informes de alta accesibles desde IANUS supera xa o 95% do total. Estes informes son accesibles aos cidadáns a través da internet utilizando o DNI dixital.

Ademais, a porcentaxe de rexistro de anotacións na historia clínica nas consultas dos centros hospitalarios duplicouse este último ano, chegando na actualidade ao 66% do total de consultas.

Sanidade é consciente da importancia crecente da tecnoloxía no sector sanitario, tanto desde o punto de vista asistencial como desde o do seu impacto económico nos orzamentos do Servizo Galego de Saúde e no custo sanitario. Polo tanto, mantén o seu firme compromiso de modernizar o sistema sanitario para que os profesionais dispoñan



dos mellores instrumentos para facer posible unha prestación próxima e de calidade no menor tempo posible.

Neste sentido, a dixitalización achega ao sistema sanitario unha maior equidade na asistencia, un aumento da calidade asistencial, unha mellora na toma de decisións, rapidez no diagnóstico, eficiencia dos recursos, unha redución no número de desprazamentos do doente, máis seguridade no manexo da información e unha mellora ambiental, entre outras vantaxes.

Así, á implantación da historia clínica electrónica e a e-receita hai que engadir outras iniciativas adoptadas polo Servizo Galego de Saúde, como a imaxe médica dixital, que xa se pode visualizar desde todos os hospitais, todos os puntos de atención continuada e desde 192 centros de saúde, que dan cobertura ao 83% da poboación, o que permite un aforro de 2,5 millóns de euros ao ano grazas á redución de custo asociado á impresión de placas radiolóxicas; ou os servizos de telemedicina, que durante os dous últimos anos se incrementaron nun 85%, pasando de 115 a 213, entre outros.